



DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA

a) **Solicitud** (anexo I e II) debidamente cuberta.

b) **Copia do libro de familia** no cal figuren todos os membros computables da unidade familiar. No suposto de non ter libro de familia ou a se a situación familiar non coincide, no día 31 de decembro de 2021, coa reflectida no libro, terá que presentarse **documentación que acredite os membros da unidade familiar**: sentenza xudicial de separación ou divorcio ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor, certificado ou volante de convivencia, informe dos servizos sociais ou órgano equivalente que acredite situación familiar, certificado de defunción.

c) No caso de **discapacidade** do alumnado, do solicitante ou dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá acreditarse documentalmete, a 31 de decembro de 2021.

d) No caso de situación de **violencia de xénero** no ámbito familiar: documentación acreditativa.

e) No caso de **incapacitación xudicial** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada. Acreditarase coa correspondente resolución xudicial.

f) Para o alumnado en situación de **tutela ou garda da Xunta de Galicia**, resolución administrativa ou xudicial acreditativa, ou certificado do centro de menores.

g) No caso de que o pai/nai/titores **carezan de DNI e NIE**, certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou órgano equivalente.

Todos os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a **31 de decembro de 2021**, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

A Dirección

En A Coruña, 19 de maio de 2023.